



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

05 JUN. 2024 17:31:54

Entrada **28642**

Pregunta sobre a protección da Illa de San Simón como Lugar de Memoria Democrática

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos usos da Illa de San Simón e á súa declaración e protección como Lugar de Memoria.**

A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade corresponde ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galiza a concesión da ocupación de 33.361m² de terreos para usos relacionados cos recursos mariños. Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no “Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio”, de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior.

Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural e quedando expresamente prohibido o uso hoteleiro, establecéndose así mesmo que a administración do Estado informará con carácter vinculante os proxectos de xestión directa ou indirecta que se presten nas illas. Ademais, quedou fixado o principio de acceso público e gratuito.

Posteriormente, a Xunta de Galiza declarou as Illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría de Sitio histórico. Neste sentido, as distintas administracións con competencias na materia están obrigadas a cumprir o establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de





Galiza, nomeadamente en relación coa obriga de aprobar Plans especiais de protección.

Debe destacarse que a Illa de San Simón ten un grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega, por ter sido un triste escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, así como tamén, lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo. Neste sentido, un dos obxectivos fundamentais, tal e como consta aínda agora na páxina web da Xunta de Galiza, é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.

Este tráxico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da historia recente da Galiza e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.

Cabe tamén lembrar que na Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, nos artigos 49 e seguintes atribúese á Administración Xeral do Estado a competencia para declarar como “Lugares de memoria democrática” os espazos ou paraxes nos que se tivesen desenvolvido feitos de singular relevancia e significación histórica vinculados á memoria democrática e a represión e violencia sobre a poboación como consecuencia da resistencia ao Golpe de Estado de xullo de 1936, a Guerra ou a Ditadura.

O procedemento para a declaración de Lugares de Memoria Democrática pode iniciarse de oficio pola Dirección Xeral competente en materia de memoria democrática e, unha vez declarados, as administracións competentes estarán obrigadas a garantir a súa protección.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Ten realizado o Goberno algún seguimento sobre a concesión da illa de San Simón e San Antón, outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente



- na Orde do 12 de xullo de 2001? Houbo algunha reunión ou contacto recente coa Xunta de Galiza en relación aos usos da Illa de San Simón?
2. Cal é a opinión política do Goberno do Estado como concesionaria en relación ao uso da Illa de San Simón para actividades hostaleiras a cargo de empresas privadas?
 3. Ten constancia o Goberno do Estado da utilización dos terreos e instalacións da Illa de San Simón por parte de empresas privadas para o desenvolvemento de actividades lucrativas? Está prevista esta posibilidade nas condicións da concesión outorgada polo Estado?
 4. Recibiu o Ministerio algunha solicitude de informe neste sentido por parte da Xunta de Galiza?
 5. Realizouse seguimento de se se está a respectar a condición relativa ao acceso público e gratuïto á Illa de San Simón?
 6. Entra nas previsións do Goberno iniciar o procedemento para declarar Lugar de Memoria Democrática á Illa de San Simón atendendo á súa significación como lugar de encarceramento, tortura e represión despois do Golpe de Estado de 1936 en cumprimento do que se establece Lei de Memoria Democrática? Ten iniciado algunha acción neste sentido?

Madrid, a 5 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los usos de A Illa de San Simón y a su declaración y protección como Lugar de Memoria.**

A Illa de San Simón es un bien perteneciente al dominio público marítimo-terrestre cuya titularidad corresponde al Estado. Por Orden de 19 de septiembre de 1997, el Ministerio de Medio Ambiente otorgó a la Xunta de Galiza la concesión de la ocupación de 33.361m² de terrenos para usos relacionados con los recursos marinos. Posteriormente, con fecha de 12 de julio de 2001, se autorizaba la modificación de la concesión anterior para llevar a cabo las obras contenidas en el “Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio”, de conformidad con las condiciones que sustituyen en su totalidad las contenidas en la Orden anterior.

Según esta concesión, la isla no podrá dedicarse a usos distintos de los incluidos en la concesión, que recoge como uso principal el docente y cultural y quedando expresamente prohibido el uso hotelero, estableciéndose asimismo que la administración del Estado informará con carácter vinculante los proyectos de gestión directa o indirecta que se presten en las islas. Además, quedó fijado el principio de acceso público y gratuito.

Posteriormente, la Xunta de Galiza declaró las Illas de San Simón y San Antonio Ben de Interés Cultural, con la categoría de Sitio histórico. En este sentido, las distintas administraciones con competencias en la materia están obligadas a cumplir lo establecido en la Ley 5/2016 de patrimonio cultural de



Galiza, concretamente en relación con el deber de aprobar Planes especiales de protección.

Debe destacarse que A Illa de San Simón tiene un gran valor simbólico como espacio de la memoria histórica gallega, por haber sido un triste escenario de la represión franquista entre 1936 y 1943, así como también, lugar de la lucha por la libertad, de la solidaridad y de la resistencia democrática frente al fascismo. En este sentido, uno de los objetivos fundamentales, tal y como consta aún ahora en la página web de la Xunta de Galicia, es el fomento de la memoria histórica a través de acciones de investigación, análisis y divulgación sobre la base del acontecido en el archipiélago, que entre 1936 y 1943 fue convertido en cárcel de presos políticos y espacio de represión por el régimen de la Dictadura de Franco.

Este trágico pasado ha convertido a San Simón en un símbolo de la dignificación de sus víctimas y en el más idóneo escenario para trabajar en la recuperación de la historia reciente de Galiza, así como afianzar en nuestra sociedad los valores democráticos y de respeto a los derechos humanos y civiles.

Cabe también recordar que en la Ley 20/2022, de 19 de octubre, de Memoria Democrática, en los artículos 49 y siguientes se atribuye a la Administración General del Estado la competencia para declarar como “Lugares de memoria democrática” los espacios o parajes en los que se hubieran desarrollado hechos de singular relevancia y significación histórica vinculados a la memoria democrática y la represión y violencia sobre la población a consecuencia de la resistencia al Golpe de estado de julio de 1936, la Guerra o la Dictadura.

El procedimiento para la declaración de Lugares de Memoria Democrática puede iniciarse de oficio por la Dirección General competente en materia de memoria democrática y, una vez declarados, las administraciones competentes estarán obligadas a garantizar su protección.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:



1. Ha realizado el Gobierno algún seguimiento sobre la concesión de A Illa de San Simón y San Antón, otorgada por el Ministerio de Medio Ambiente en la Orden de 12 de julio de 2001? Hubo alguna reunión o contacto reciente con la Xunta de Galiza en relación a los usos de A Illa de San Simón?
2. Cuál es la opinión política del Gobierno del Estado cómo parte concesionaria en relación al uso de la Isla de San Simón para actividades hosteleras a cargo de empresas privadas?
3. Tiene constancia el Gobierno del Estado de la utilización de los terrenos e instalaciones de A Illa de San Simón por parte de empresas privadas para el desarrollo de actividades lucrativas? Está prevista esta posibilidad en las condiciones de la concesión otorgada por el Estado?
4. Recibió el Ministerio alguna solicitud de informe en este sentido por parte de la Xunta de Galiza?
5. Se realizó seguimiento de si se está respetando la condición relativa al acceso público y gratuito a la Isla de San Simón?
6. Entra en las previsiones del Gobierno iniciar el procedimiento para declarar Lugar de Memoria Democrática a la Isla de San Simón atendiendo a su significación como lugar de encarcelamiento, tortura y represión después del Golpe de estado de 1936 en cumplimiento del que se establece Ley de Memoria Democrática? Ha iniciado alguna acción en este sentido?

Madrid, a 5 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil



Diputado del BNG en el Congreso